



**ORDENANZA NÚM: 29 (queda suprimida e derogada)**  
**ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE**  
**TRANSPORTE DENDE O CONCELLO DE SOUTOMAIOR Á PISCINA DOUTRO**  
**MUNICIPIO E REGRESO.**

**Artigo 1.- CONCEPTO.**

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece o **prezo público por prestación do servizo de transporte dende o Concello de Soutomaior á piscina doutro municipio e regreso.**

**Artigo 2.- OBXECTO.**

Constitúe o obxecto deste prezo público a utilización do citado servizo

**Artigo 3.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, os pais ou titores legais dos menores e os maiores que, estando matriculados nas escolas deportivas municipais, utilicen dito servizo.

**Artigo 4.- CONTÍA**

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

	<b>Empadroados</b>	<b>Non Empadroados</b>
	tarifa/mes	tarifa/mes
NENOS	12,00 €	20,00 €

**Artigo 5.- LIQUIDACIÓN**

A tarifa liquidarase bimensualmente e nos primeiros sete días do bimestre correspondente xunto coa solicitude do servizo .

Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenvolva o servizo, procederase á devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboadado.

**Artigo 6.- INGRESO**

O pagamento desta tarifa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termo municipal e aboarase mensualmente

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

APROBADA pola Xunta de Goberno Local 11/02/2010

PUBLICACION: BOP nú. 49 de 12/03/10

APROBADA pola Xunta de Goberno Local 25/11/2010

PUBLICACION: BOP nú. 246 de 27/12/2010

**DEROGADA BOP : 22/09/2015**